

1

Situación

A economía mundial experimentou un crecemento do 4,9% en 2007, a pesar de que no segundo semestre do ano aparecen os primeiros síntomas de desaceleración. China e India lideran o crecemento dos países emerxentes e en desenvolvemento, co 11,4% e 9,2%, respectivamente, situándose a taxa de crecemento no 2,6% na zona euro, e no 2,2% nos Estados Unidos.

No marco da Unión Europea, o 1 de xaneiro de 2007 incorporáronse Bulgaria e Románía, constituíndose a actual UE-27. Asemade, cómpre salientar a sinatura do Tratado de Lisboa o 13 de decembro do mesmo ano.

A economía española segue mantendo en 2007 unha taxa de crecemento por riba da media europea, a pesar da ralentización do seu dinamismo económico ao longo dos catro trimestres do ano. Dende o punto de vista do gasto, a demanda interna segue a ser o motor de crecemento, aínda que descende a súa achega á medra do PIB agregado. No concenrente á oferta, os servizos comportá-

económica de Galicia

ronse como o sector máis dinámico, por diante da construción.

A actividade económica de Galicia mantén o seu notable ritmo de crecemento, cunha medra do 4%. Sen embargo, este dinamismo non se trasladou totalmente ao mercado de traballo, onde o número de persoas ocupadas medra un 2,5%, medio punto por baixo da estimada para o ano 2006.

A pesar deste positivo comportamento en termos globais, no segundo semestre do ano comezan a detectarse signos de moderación do seu crecemento: as incertezas xeradas polas turbulencias dos mercados financeiros, o incremento dos tipos de xuro e o endurecemento das condicións de acceso ao crédito, a forte alza dos prezos a partir do mes de agosto, o descenso dos visados de dirección de obra, ou a desaceleración no emprego.

Dende o punto de vista da oferta, a construción sitúase como o sector de maior crecemento, por diante dos servizos e a indus-

tria. Asemade, hai que avaliar positivamente o crecemento, por segundo ano consecutivo, do VEB xerado polo sector primario. O sector servizos explica case o 60% do crecemento agregado do PIB, mentres que a achega da construción e as ramas industriais (sen enerxía) foi do 18,3% e 15,5%, respectivamente.

Dende un punto de vista trimestral, salienta a forte ralentización do conxunto do sector industrial no derradeiro trimestre do ano, xa que presenta unha medra inferior ao 1%. Por contra, os outros tres sectores produtivos experimentaron no cuarto trimestre de 2007 unha taxa de crecemento interanual superior á do primeiro trimestre.

A demanda interna segue comportándose como motor de crecemento da economía galega, cunha achega de 5,3 puntos, o que, unido ao feito de que a demanda exterior detrae unha cantidade superior á de 2006, contribuíu a un patrón de crecemento máis desequilibrado. Entre os compoñentes da demanda interna, destaca o crecemento do

investimento (formación bruta de capital fixo), cunha medra do 5,8%, situándose os compoñentes do consumo final no 4%.

O ano 2007 supón o comezo do novo período de programación comunitaria para os anos 2007-13, que establece como pautas básicas a promoción dos factores de desenvolvemento ligados á Estratexia de Lisboa. Dada a ampliación da Unión Europea cara o leste, no novo contexto de financiamento europeo, Galicia, considerada como rexión obxectivo converxencia, verá recortado o importe dos fondos comunitarios recibidos.

O Marco Estratéxico de Converxencia Económica de Galicia 2007-13 (Mecega) estima que neses anos o investimento total superará os seis mil millóns de euros, dos que o 32% serán xestionados pola Xunta de Galicia. O 42% irá dirixido a medidas destinadas a impulsar e dinamizar a economía rexional facendo de Galicia un lugar máis atractivo para investir e traballar, e un 22% a actuacións para incrementar a competitividade do

tecido produtivo galego a través do coñecemento e a innovación. □

1.1. Contexto económico xeral

A PESAR DE QUE NO ANO 2007 COMEZAN A REXISTRARSE OS PRIMEIROS SÍNTOMAS DE DESACELERACIÓN POR mor da crise financeira, a economía mundial experimentou no conxunto do ano unha medra do 4,9%, tan só unha décima menos que no ano anterior. Non obstante, existen importantes diverxencias no crecemento das distintas rexións, salientando, dunha banda, o crecemento de China e India, que lideraron a medra dos países emerxentes e en desenvolvemento. Doutra banda, cómpre salientar a forte ralentización da economía de Estados Unidos influenciada polo impacto das hipotecas de alto risco. A expansión da zona euro acadou o 2,6%, dúas décimas menos que en 2006.

A economía española volveu a presentar unha taxa de crecemento do PIB real superior á experimentada pola zona euro (3,8% fronte aos 2,6% da media comunitaria). Polo lado do gasto, o motor de crecemento segue sendo a demanda interna, se ben a súa achega ao PIB agregado diminúe en máis dun punto porcentual ao longo do ano 2007, por mor tanto do comportamento do gasto en consumo final coma do investimento. Dende o punto de vista da oferta, os servizos é o sector máis dinámico da economía española, seguindo pola construción e o conxunto das ramas primarias.

No conxunto do ano 2007, a economía galega continuou coa súa tendencia positiva de crecemento económico, ao manter a súa medra do Produto Interior Bruto (PIB) real a prezos de mercado por riba do 4%. A demanda interna segue sendo o motor de crecemento, pero a diferenza do acontecido no conxunto do Estado, gasto final en consumo e o investimento crecen por riba do rexistrado no ano anterior. Polo lado da oferta cómpre destacar a ralentización das ramas industriais e enerxéticas, converténdose novamente a construción no sector de maior dinamismo. Doutra banda, as ramas agraria e pesqueira volven rexistrar unha medra positiva da súa actividade, mantendo os servizos un crecemento similar ao de 2006.

Panorama económico internacional

No último ano a economía mundial comezou a perder ímpeto fronte a unha importante crise financeira, acadando un crecemento medio anual do 4,9% respecto ao ano anterior, sendo esta taxa de variación do 2,7% no caso das economías avanzadas. Pola con-

Economía internacional 2006-08: evolución dos principais indicadores

	2006	2007	2008 (P)
	<i>(taxa de crecemento sobre o mesmo período do ano anterior)</i>		
Produto Interior Bruto real			
Economía mundial	5,0	4,9	3,8
Economías avanzadas	3,0	2,7	1,3
EE.UU.	2,9	2,2	0,5
Xapón	2,4	2,1	1,4
Unión Europea	3,3	3,1	1,8
Zona Euro	2,8	2,6	1,4
Países emerxentes e en desenvolvemento	7,8	7,9	6,7
China	11,1	11,4	9,3
India	9,7	9,2	7,9
Demanda interna real total			
Economías avanzadas	2,8	2,2	0,9
EE.UU.	2,8	1,5	-0,6
Xapón	1,6	1,0	0,9
Zona Euro	2,6	2,0	1,4
Gasto en consumo privado			
Economías avanzadas	2,6	2,6	1,2
EE.UU.	3,1	2,9	0,4
Xapón	2,0	1,4	0,7
Zona Euro	1,7	1,4	1,4
Gasto en consumo público			
Economías avanzadas	1,7	2,1	1,9
EE.UU.	1,4	1,9	1,7
Xapón	-0,4	0,8	1,1
Zona Euro	2,0	2,2	1,9
Formación bruta de capital			
Economías avanzadas	4,0	1,7	-0,7
EE.UU.	2,6	-2,0	-5,1
Xapón	1,3	-0,3	1,1
Zona Euro	5,0	4,4	1,8
IPC			
Economías avanzadas	2,4	2,2	2,6
EE.UU.	3,2	2,9	3,0
Xapón	0,3	0,0	0,6
Zona Euro	2,2	2,1	2,8
Países emerxentes e en desenvolvemento			
China	1,5	4,8	5,9
India	6,2	6,4	5,2
Taxa de desemprego			
Economías avanzadas	5,7	5,4	5,6
EE.UU.	4,6	4,6	5,4
Xapón	4,1	3,9	3,9
Zona Euro	8,2	7,4	7,3

Fonte: Fondo Monetario Internacional

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

1.1.1.

tra, as economías dos países emerxentes e en desenvolvemento manteñen un crecemento puxante, situándose a medra de China e India no 11,4% e 9,2%, respectivamente.

A nivel global, o índice de prezos aumentou por mor da evolución dos prezos dos alimentos e da enerxía. Este efecto nótase máis nas economías emerxentes debido tanto ao forte incremento da demanda como ao maior peso que teñen a enerxía e, en particular, os alimentos nas cestas de consumo.

A desaceleración da actividade económica a finais de 2007 afectou de maneira máis forte aos Estados Unidos, onde o desplome do mercado das hipotecas de alto risco repercutiu en mercados e institucións financeiras moi diversas. O seu PIB real experimentou en 2007 unha medra do 2,2% (2,9% no ano anterior), aínda que a finais do ano o ritmo de crecemento da actividade económica diminuíu drasticamente ata o 0,6% do último trimestre. Asemade, cómpre salientar a caída dun 2% do investimento en capital fixo tralo endurecemento das condicións crediticias. Un dos seus principais problemas segue sendo o seu déficit por conta corrente, que a pesar da súa mellora, representa o 5,3% do seu PIB (6,3% no ano anterior).

Os datos aportados polo Fondo Monetario Internacional reflicten que a medra da actividade económica dos países da zona euro ralentizouse lixeiramente en 2007, acadando unha taxa de incremento do 2,6%, dúas décimas menos que no ano precedente. O **cadro 1.1.1.** amosa que este crecemento é alimentado pola demanda interna, que se viu impulsado pola evolución do emprego e o nivel de investimento. Especialmente significativo é a evolución do investimento (formación bruta de capital fixo) ao medrar no conxunto dos

Evolución do PIB en España 2006-07: distribución segundo as súas compoñentes (1)

	2006	2007	2007			
			trimestres			
			I	II	III	IV
Gasto en consumo final	4,0	3,6	4,2	4,0	3,7	2,6
Gasto en consumo final dos fogares	3,7	3,1	3,5	3,5	3,0	2,5
Gasto en consumo final das ISFLSH	6,7	4,4	4,8	4,4	3,8	4,5
Gasto en consumo final das AA.PP.	4,8	5,1	6,8	5,4	6,0	2,9
Formación bruta de capital fixo	6,8	5,9	7,4	6,2	5,1	5,0
Bens de equipamento	10,4	11,6	14,9	11,1	11,0	9,3
Construción	6,0	4,0	5,3	4,8	3,3	2,8
Outros produtos	4,6	4,2	3,3	4,2	3,1	6,0
Variación de existencias (2)	0,0	0,0	-0,0	-0,0	0,0	0,1
Demanda interna (2)	5,1	4,6	5,0	5,0	4,3	4,0
Exportacións de bens e servizos	5,1	5,3	4,2	4,0	8,1	4,8
Exportacións de bens	4,6	4,7	3,8	4,0	6,9	4,3
Exportacións de servizos	6,2	6,5	5,1	3,9	10,2	5,7
Importacións de bens e servizos	8,3	6,6	5,3	6,5	8,6	6,1
Importacións de bens	8,0	6,0	5,4	6,1	7,4	5,1
Importacións de servizos	9,3	9,0	5,1	7,8	13,1	10,2
PIB a prezos de mercado	3,9	3,8	4,3	3,9	3,7	3,3
Ramas agraria e pesqueira	2,4	3,8	7,4	2,6	2,8	3,2
Ramas enerxéticas	1,4	1,0	-3,6	3,3	-0,2	4,9
Ramas industriais	2,9	3,1	5,4	3,4	2,8	0,9
Construción	5,0	3,8	4,5	4,3	3,6	3,0
Ramas dos servizos	4,1	4,2	4,4	4,2	4,2	4,0
servizos de mercado	4,1	4,0	4,4	3,8	3,9	3,7
servizos de non mercado	4,3	5,0	4,5	5,5	5,1	4,7
Impostos netos sobre os produtos	3,5	3,4	3,0	3,9	3,8	3,1
IVE que grava os produtos	4,3	3,4	4,4	3,9	2,5	2,3
Impostos netos sobre prod. importados	5,9	0,0	-2,0	-2,4	1,8	2,5
Outros impostos netos sobre os produtos	2,3	3,7	1,7	3,7	6,2	3,7

(1) Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual. Prezos constantes de 2000.

(2) Contribución ao crecemento agregado do PIB

Fonte: INE, Contabilidad Nacional Trimestral de España

1.1.

1.1.2.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

países da zona euro un 4,4% respecto ao ano 2006, fronte á medra do 1,7% do conxunto das economías avanzadas ou as caídas en Xapón e, especialmente, en Estados Unidos. Os tres países da zona euro con maior crecemento da súa actividade produtiva foron Eslovenia (6%), Luxemburgo (5,4%) e Irlanda (5,3%).

No ámbito institucional, o ano 2007 estivo marcado pola incorporación á Unión Europea, o 1 de xaneiro, de Bulgaria e Rumanía, así como pola sinatura do Tratado de Lisboa, celebrada o 13 de decembro, que permitirá avanzar no proceso de construción da UE.

A economía xaponesa, pola súa banda, rexistrou unha medra do seu PIB real do 2,1%, tres décimas por baixo do experimentado en 2006. Ao contrario do acontecido no caso das economías avanzadas e dos EE.UU., en Xapón o superávit comercial (212,8 miles de millóns de dólares americanos) acadará o 4,9% do seu PIB (3,9% no ano anterior). Se en 2006 o seu nivel de inflación, aínda que foi positivo, estaba demasiado cerca de cero, no último ano este xa foi cero.

Panorama económico de España

A economía española comezou a experimentar no último ano unha certa ralentización no seu ritmo de crecemento. Se ben a taxa media de variación interanual foi do 3,8%, tan só unha décima por baixo da rexistrada no ano precedente, os datos trimestrais reflicten unha minoración do seu dinamismo económico, cun crecemento do PIB agregado do 4,3% no primeiro trimestre de 2007 e do 3,3% no derradeiro trimestre do ano.

Coma sucedeu en anos anteriores, e dende a perspectiva do gasto, a demanda interna segue sendo o motor de crecemento, cunha achega ao crecemento agregado do PIB do 4,6%, medio punto inferior á contribución de 2006. Asemade, corríxese o desequilibrio exterior, xa que no último ano detrae oito décimas ao crecemento do PIB cando no ano anterior o reducía en 1,2 puntos.

Índices de competitividade de España fronte á zona euro, UE-27 e novos países industrializados de Asia 2004-07

	Fronte á zona euro			Fronte á UE-27			Fronte a novos países industrializados de Asia (2)	
	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais
	(base 1999 = 100)							
2004	105,7	103	105,1	105,6	103,1	104,2	123,1	115,0
2005	107,2	104,9	106,6	107,0	104,6	105,4	120,3	111,9
2006	108,8	106,3	108,1	108,5	105,9	106,7	118,7	109,7
2007	109,7	106,4	109,5	109,2	105,9	107,8	124,1	114,4

(1) China, Corea do Sur, Filipinas, Hong-Kong, India, Indonesia, Malaisia, Singapur, Taiwán e Tailandia.

Fonte: Banco de España, Boletín estadístico

1.1.3.

A caída da contribución da demanda interna ven explicada pola desaceleración do investimento e, en menor medida, do gasto en consumo final. A formación bruta de capital fixo rexistrou un incremento do 5,9% en 2007, nove décimas menos que o experimentado no ano anterior. Analizando os distintos compoñentes agregados, o **cadro 1.1.2.** reflicte que esta desaceleración ven explicada pola evolución do investimento en construción, que presenta unha taxa de crecemento do 4%, dous puntos menos que no ano precedente, e en “outros produtos” (4,2% en 2007 fronte ao 4,6% do ano anterior). O investimento en bens de equipamento rexistra unha aceleración no seu crecemento, acadando unha medra do 11,6% no último ano, 1,2 puntos máis que en 2006.

O gasto en consumo final presentou novamente unha lixeira moderación, ao medrar un 3,6% en 2007, catro décimas menos que no ano precedente. Esta desaceleración explícase tanto pola moderación do consumo final dos fogares como o das Administracións Públicas e das Institucións sen fin de lucro (ISFLSH).

No que atinxe ao sector exterior, cómpre salientar a forte desaceleración das importacións, que medran un 6,6% respecto ao ano 2006 (8,3% no ano anterior), mentres que as exportacións experimentaron un ritmo de crecemento lixeiramente superior (5,3% fronte aos 5,1% do ano precedente). Un ano máis a economía española volve a amosar unha perda de competitividade, tanto en termos de prezos ao consumo coma en termos de custos laborais unitarios, fronte á UE-27 e aos países da zona euro. A diferenza do acontecido nos anos anteriores, empeoran os índices de competitividade de España fronte aos novos países industrializados de Asia (**cadro 1.1.3.**).

Dende a óptica da oferta, os servizos, cunha taxa de crecemento do VEB do 4,2%, e as actividades da construción e do sector agrario, cunha medra do 3,8%, son os que presentan un maior dinamismo. O conxunto das ramas industriais experimentaron unha medra do 3,1%.

A xa mencionada minoración do dinamismo económico no conxunto do Estado, máis acusada que no contexto galego, se reflicte tanto na ralentización do investimento como na do consumo final. Tendo en conta as taxas de crecemento interanual rexistradas no primeiro e cuarto trimestre de 2007, o cadro macroeconómico amosa un diferencial de 2,4 puntos porcentuais no caso do investimento e de 1,6 puntos, no do gasto en consumo final. Polo lado da oferta, a ralentización económica é máis acusada no caso da industria e do sector primario, cun crecemento máis de catro puntos inferior no cuarto trimestre respecto ao rexistrado no primeiro trimestre do ano, sendo este diferencial de punto e medio no sector da construción.

O crecemento da actividade económica non se trasladou totalmente ao mercado de traballo, onde o número de persoas ocupadas medrou no último ano un 3,1% (608.300 persoas). Este incremento ven explicado pola medra da ocupación nos sectores da construción e servizos, que compensan a caída nas actividades industriais e primarias. En termos relativos, o número de traballadores na construción e servizos medraron un 6,1% e

Principais indicadores da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

	Unidade de medida	Período de referencia	Galicia	Rexión Norte	Eurorrexión	UE-27
Superficie	(en Km ²)	--	29.575	21.278	50.853	4.403.357
Poboación de dereito	(miles de persoas)	1/1/07	2.772,5	3.744,1	6.516,6	495.128,5
		1/1/06	2.767,5	3.737,8	6.505,3	492.975,2
		1/1/05	2.760,2	3.727,3	6.487,5	491.023,5
Densidade poboación	(habitantes por km ²)	1/1/07	93,7	176,0	128,1	112,4
		1/1/06	93,6	175,7	127,9	112,0
		1/1/05	93,3	175,2	127,6	111,5
Poboación ocupada			100	100	100	100
Sector primario			9,5	12,1	11,1	5,9
Industria	(%)	2006	18,4	28,3	24,4	19,6
Construción			11,9	11,4	11,6	7,9
Servizos			60,2	48,2	52,9	66,2
Desemprego						
Total			8,5	8,9		8,2
Feminina	(%)	2006	11,4	10,9		9,0
Mozos (15-24 anos)			18,0	16,9		17,5
Produto Interior Bruto	(millóns de € correntes)	2003	39.907	39.138	79.045	10.079.553
		2004	42.947	40.467	83.414	10.579.842
		2005	46.459	41.824	88.283	11.018.771
PIB per cápita (1)		2003	80,2	61,2	69,2	100
	(EU-27=100)	2004	81,4	59,3	68,6	100
		2005	84,2	59,8	70,1	100
		2003-2005	80,8	60,2	69,0	100

(1) Tense en conta as diferenzas en niveis de prezos nacionais que non son tidos en conta polos tipos de cambio
 Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de IGE, Eurostat, Comisión Europea e Instituto Nacional de Estadística de Portugal

1.1.4.

1.1.

3,9%, respectivamente, en tanto que a caída nas actividades agrarias foi do 2%, e na industria, un 0,9%.

O número de persoas paradas rexistradas nas oficinas do Servicio Público de Empleo Estatal-INEM mantívose practicamente constante nos 2.039.004 desempregados (media anual calculada a partir dos datos do último día de cada mes). O incremento do paro no sector primario, e especialmente na actividade da construción, con 1.199 e 12.640 parados rexistrados máis, foi compensado pola importante caída rexistrada no conxunto das ramas industrias, e en menor medida, nos servizos (12.340 e 298 persoas, respectivamente). O número de parados rexistrados sen emprego anterior descendeu en 2007 en 1.598 persoas respecto ao ano precedente.

Panorama económico da eurorrexión

A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, tal e como se reflicte no **cadro 1.1.4.**, ocupa unha superficie de 50.853 quilómetros cadrados, e conta a comezos do ano 2007 cunha poboación de 6.516.600 persoas, o que implica unha densidade media de 128,1 habitantes por quilómetro cadrado. En relación á UE-27, a eurorrexión representa o 1,2% da súa superficie e o 1,3% da súa poboación.

A poboación ocupada no ano 2006 ascendeu a 2.969.500 persoas (o 45,6% da poboación total da eurorrexión), dos que o 52,9% dos traballadores estaban ocupados nas ramas de actividade do sector servizos. O conxunto das ramas industriais abranguen case a cuarta parte dos traballadores, mentres que a construción e o sector primario acollen cada un pouco máis do 11%.

Con todo, cómpre salientar a distinta importancia relativa dos sectores económicos en Galicia e no Norte de Portugal en termos de poboación ocupada. Mentres que Galicia rexistra unha maior importancia relativa da poboación ocupada no sector servizos, que acolle o 60,2% da súa poboación ocupada fronte ao 48,2% no norte de Portugal, na rexión Norte de Portugal o peso relativo da poboación ocupada no sector industrial é case dez puntos superior ao rexistrado en Galicia: o 28,3% e o 18,4%, respectivamente. No caso do

- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

sector primario, a ocupación nestas actividades representa o 9,5% da ocupación total en Galicia fronte ao 12,1% no norte de Portugal.

No concernente ás taxas de desemprego, e a diferenza do acontecido nos tres anos considerados, Galicia presenta en 2006 unha taxa lixeiramente superior á media europea e por baixo da rexistrada na rexión Norte de Portugal. A taxa galega de desemprego sitúase no 8,5% fronte ao 8,9% no Norte de Portugal (8,2% na UE-27). Por contra, tanto no caso do desemprego feminino coma no das persoas novas (entre 15 e 24 anos), Galicia presenta unha taxa de paro superior á media europea e á do norte de Portugal. Como indica o **cadro 1.1.4.**, as taxas de desemprego da mulleres e mozos en Galicia acadaron o 11,4% e o 18%, respectivamente, 0,5 e 1,1 puntos superior á rexistrada na rexión Norte de Portugal.

Finalmente, se consideramos que o produto interior bruto na UE-27 é igual a 100, no ano 2005 o PIB per cápita (en paridade de poder adquisitivo) na eurorexión Galicia-Norte de Portugal ascende a 70,1%. En Galicia, esta ratio acada o 84,4%, máis de vinte puntos por riba do estimado para a rexión Norte de Portugal: 59,8% da media comunitaria. Se se ten en conta a media dos anos 2003-2005, Galicia presenta un índice dezaioito puntos superior ao correspondente ao Norte de Portugal: 80,8% e 60,2%, respectivamente.

Panorama económico de Galicia

O cadro macroeconómico da economía de Galicia reflicte, **cadro 1.1.5.**, o forte crecemento da actividade económica no ano 2007, ao rexistrar unha medra do seu Produto Interior Bruto (PIB) real a prezos de mercado do 4%.

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

Ao igual que acontece na economía española, a demanda interna é o motor de crecemento da economía galega, cunha achega á medra do PIB agregado do 5,3 puntos, seis décimas máis que no ano anterior. Tras esta fortaleza, empeora a situación do sector exterior, que detrae no último ano 1,3 puntos ao crecemento do PIB, cando no ano precedente o limitaba en 0,6 puntos.

A diferenza do acontecido no conxunto do Estado, tanto o gasto en consumo final coma a formación bruta de capital presentan un crecemento medio punto porcentual por riba do rexistrado en 2006. No último ano, o investimento medrou un 5,8% mentres que o gasto en consumo final o fixo nun 4%. O compoñente do gasto en consumo que máis crece foi o do gasto das Administracións Públicas, cun 4,1%, unha décima máis que o consumo final dos fogares.

O incremento en medio punto porcentual da achega negativa do sector exterior veu motivada por unha maior desaceleración no ritmo de crecemento das exportacións que no das importacións. As primeiras presentaron unha medra do 6%, mentres que as importacións medraron un 6,5% respecto ao ano 2006.

A pesar do importante crecemento no conxunto do ano 2007, a evolución trimestral reflicte unha desaceleración do PIB galego, que se produce tanto nos principais compoñentes da demanda interna como no sector exterior. Comparando as taxas de variación interanual correspondentes ao primeiro e cuarto trimestre do ano, cómpre salientar a importante desaceleración das importacións e exportacións (existe un diferencial de 4,2 e 3,8 puntos, respectivamente), así como do investimento (2,5 puntos).

Dende a óptica da oferta, á hora de analizar o comportamento da economía galega hai que destacar, dunha banda, que a construción volve a ser o sector económico que máis medra, cun 4,3% (unha décima máis que en 2006), por diante do conxunto das ramas industriais, co 4% (4,7% no ano anterior). Doutra, a taxa de crecemento da actividade agraria e pesqueira acada, ao igual que en 2006, un valor positivo, cun 2,3% (catro décimas máis que no ano precedente). As actividades dos servizos presentan unha taxa de crecemento do 4,2%, tres décimas por riba da experimentada en 2006. O sector enerxético rexistrou en 2007 un incremento do 1,5%, máis de dous puntos por baixo do rexistrado no ano anterior.

Evolución do PIB en Galicia 2006-07: distribución segundo as súas compoñentes ⁽¹⁾

	2006	2007	2007			
			trimestres			
			I	II	III	IV
Gasto en consumo final	3,5	4,0	4,2	4,4	4,1	3,6
Gasto en consumo final dos fogares	3,4	4,0	4,0	4,3	4,1	3,8
Gasto en consumo final das AA.PP. e ISFLSH	3,9	4,1	4,8	4,6	3,9	3,0
Formación bruta de capital fixo	5,3	5,8	7,0	5,4	6,5	4,5
Demanda interna (2)	4,7	5,3	5,8	5,4	5,5	4,5
Exportacións de bens e servizos	7,3	6,0	7,9	5,3	6,8	4,1
Importacións de bens e servizos	6,7	6,5	8,9	6,6	5,8	4,7
PIB a prezos de mercado	4,1	4,0	4,2	4,2	4,1	3,8
Ramas agraria e pesqueira	1,9	2,3	0,7	2,7	3,0	2,6
Ramas enerxéticas	3,6	1,5	2,2	0,4	2,7	0,9
Ramas industriais	4,7	4,0	4,9	3,4	7,0	0,9
Construción	4,2	4,3	4,1	4,2	4,6	4,5
Ramas dos servizos	3,9	4,2				
servizos de mercado	4,1	4,2	4,2	4,2	4,3	4,3
servizos de non mercado	3,6	4,1	2,2	5,9	3,8	4,6
Impostos netos sobre os produtos	4,5	4,1	3,3	4,6	6,7	2,1

(1) Datos avance. Taxas de variación interanual. Prezos constantes de 2000

(2) Contribución ao crecemento do PIB

Fonte: IGE, Contabilidade Trimestral

1.1.5.

Os datos trimestrais indican a fortísima ralentización no ritmo de crecemento das actividades industriais, que presentan unha taxa de variación interanual do 4,9% no primeiro trimestre do ano e unha taxa do 0,9% no derradeiro trimestre de 2007. Por contra, a construción, e sobre todo o sector de servizos non de mercado e o primario, presentan un diferencial positivo entre estes dous trimestres. O valor engadido bruto da construción medrou no cuarto trimestre de 2007 un 4,5%, catro décimas máis que no primeiro trimestre, mentres que os servizos de non mercado o fixeron nun 4,6%, case dous puntos e medio por riba do rexistrado no primeiro trimestre, e o sector primario un 2,6%, case dous puntos porcentuais máis.

O crecemento da actividade económica non se trasladou totalmente ao mercado de traballo galego, xa que fronte á medra do 4% do PIB a prezos de mercado, a poboación ocupada tan só o fixo nun 2,5%. A pesar do incremento da actividade no sector primario, continuou o forte descenso do número de traballadores nestas actividades (7% respecto ao ano anterior), mentres que a ocupación nos sectores non primarios considerados no seu conxunto, medrou un 3,5%. Entre estes últimos cómpre salientar o incremento da ocupación estimada no sector da construción, cun 6%, sendo esta porcentaxe do 3,6% no caso dos servizos, e do 1,6%, na industria.

O desemprego medio anual en Galicia, medido polo número de persoas rexistradas nas oficinas do SPE, descendeu un 6,7% respecto ao ano anterior (10.730 persoas), acadando as 150.548 persoas. Os datos recollidos no **cadro 2.1.8**. [Paro rexistrado en Galicia e España 2006-07: distribución segundo sector económico] reflicten que o desemprego volve a descender nos distintos grupos de actividade considerados, producíndose a maior caída no sector servizos, con 6.460 persoas menos.

A produtividade aparente do traballo, calculada como o cociente entre o PIB e a poboación ocupada, medrou en 2007, tanto en Galicia como en España, en todos os sectores. Para o conxunto da economía galega, a medra foi dun 4,5%, sete décimas superior á medra española. A comunidade galega presenta incrementos superiores no caso dos sectores primario e servizos, sendo inferiores no caso da construción e sobre todo, no sector industrial.

Comparado co total estatal, o **cadro 1.4.10**. [Produtividade aparente do factor traballo en Galicia e España 2006-07: distribución segundo sectores] reflicte que a produtividade aparente do factor traballo en Galicia representa o 87,7% da media estatal, medio punto por riba da media do ano anterior. O sector da construción segue presentando unha produtividade aparente superior á media estatal, mentres que no sector primario, segue

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

estando máis de vinte puntos por baixo da media de España. A produtividade no conxunto das actividades industriais sitúase no 85,9% da media española, punto e medio por baixo do valor do ano anterior.

Plans de Desenvolvemento Económico

O Marco Estratéxico de Converxencia Económica de Galicia 2007–2013 (Mecega), no que se inscriben os Programas Operativos FEDER e FSE de Galicia 2007–2013, e o Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007–2010 son os principais plans plurianuais de desenvolvemento rexional con incidencia en Galicia.

O **Mecega** ⁽¹⁾ contén a programación estrutural para o novo período comunitario 2007–13, e define obxectivos, estratexias e actuacións para o logro dun maior desenvolvemento económico e social. O investimento total estimado para este período de tempo ascende a 6.029,5 millóns de euros, dos que a Xunta xestionará o 32% do custo total.

O Marco establece como obxectivo global o de converxer en termos de crecemento e emprego coa media española e europea, grazas ao fomento dunha economía baseada no coñecemento, a innovación e a valorización do capital humano.

Para a consecución deste obxectivo fórmulanse catro obxectivos finais. O máis importante en termos orzamentarios é o concernente ao impulso e dinamización da economía galega, de tal xeito que se converta nun lugar máis atractivo para investir e traballar, que abrangue o 42% do investimento total. Máis da metade diríxese á mellora das redes transeuropeas de transporte, intermodalidade e mellora da accesibilidade.

1.1.

Un 22% do custo total céntrase no obxectivo de incrementar a competitividade do tecido produtivo a través do coñecemento e a innovación. Dentro deste obxectivo final, as actuacións de maior alcance financeiro son as relativas ao fortalecemento da competitividade das empresas a través da I+DT (o 8,7% do custo total do Mecega).

1.2.

1.3.

Ségueo o obxectivo final 3, “aumentar a cohesión social e territorial de Galicia mellorando os niveis de cualificación, a calidade do emprego e a inclusión social”, co 18,5% do investimento. Como cuarto obxectivo final figura o de reforzar a sinerxía entre crecemento e desenvolvemento sostible, co 17,5% do custo total, onde tres cuartas partes desta porcentaxe diríxese a reforzar o potencial medioambiental como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.

1.4.

1.5.

1.6.

No concernente ao **Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia (PRTG)**, ao que se destina un total de 2,7 millóns de euros, o seu obxectivo xeral é impulsar o desenvolvemento equilibrado e sostible de Galicia a partir dun proceso de dinamización económica, planificación e coordinación das actuacións das administracións públicas tanto en infraestruturas, como no apoio aos sectores produtivos e equipamentos.

2.1.

2.2.

2.3.

O Plan, en función da renda e poboación e a capacidade de atracción comercial e laboral, identifica 25 concellos con potencial dinamizador, que deben contribuír á estruturación territorial e á incorporación e fixación da poboación. Dende o punto de vista da súa estratexia territorial, determináronse catro áreas continuas territorialmente, denominadas zonas de reequilibrio, con estratexias de dinamización diferenciadas: Lugo–A Coruña norte; A Coruña occidental; Lugo–A Coruña sur– Pontevedra interior norte; e Ourense–Pontevedra interior sur.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

A definición deste PRTG susténtase en cinco ámbitos sectoriais. En función do seu investimento, o máis importante é o de infraestruturas produtivas (transportes, urbanis-

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

⁽¹⁾ Unha vez que a Comisión Europea adoptou os Programas Operativos FEDER e FSE Galicia 2007-13 e despois de incorporar os últimos axustes técnicos sobre a Cooperación Territorial Transfronteiriza España-Portugal e o Programa Operativo Cohesión/FEDER, este documento, elaborado pola Consellería de Economía e Facenda, foi enviado ao CES Galicia o 28 de febreiro de 2008 para o seu debate no seo da Mesa sectorial específica de cooperación.

Distribución financeira do MECEGA 2007-13 segundo obxectivos finais e intermedios

	Custo total <i>(en millóns €)</i>	OI / OF <i>(%)</i>	OF / Total <i>(%)</i>
OF. 1. Impulsar e dinamizar a economía rexional facendo de Galicia un lugar máis atractivo para investir e traballar.	2.533,8	100	42,0
Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade vial	1.414,7	55,8	23,5
Apoiar o investimento empresarial en aras dunha mellora na proxección internacional e no acceso ao financiamento.	357,8	14,1	5,9
Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo aos seus problemas socioeconómicos e ambientais.	390,5	15,4	6,5
Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio ao crecemento e á creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios.	370,8	14,6	6,1
OF. 2: Incrementar a competitividade do tecido produtivo galego a través do coñecemento e a innovación.	1.329,2	100	22,0
Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a I+DT	522,3	39,3	8,7
Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación orientadas cara á produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.	281,1	21,1	4,7
Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas lóxicas, garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas.	480,9	36,2	8,0
Reforzar a capacidade de xestión da Admón. rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.	44,9	3,4	0,7
OF. 3. Aumentar a cohesión social e territorial de Galicia mellorando os niveis de cualificación, a calidade do emprego e a inclusión social.	1.114,5	100	18,5
Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.	125,7	11,3	2,1
Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.	373,4	33,5	6,2
Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.	202,3	18,2	3,4
Reforzar o investimento na promoción e previsión no mercado de traballo e no benestar sanitario.	413,1	37,1	6,9
OF. 4. Reforzar a sinerxía entre crecemento e desenvolvemento sostible.	1.052,0	100	17,4
Reforzar o potencial medioambiental como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.	815,0	77,5	13,5
Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible.	36,1	3,4	0,6
Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).	102,1	9,7	1,7
Complementar as políticas sectoriais, especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de zonas de alto potencial de crecemento.	98,8	9,4	1,6
Total custo MECEGA	6.029,5		100

(1) Falta por cuantificar no MECEGA os investimentos en Galicia de Vilagarcía de Arousa, Marín-Ría de Pontevedra, Ferrol-San Cibrao e Vigo

Fonte: Xunta de Galicia, Marco Estratégico de Convergencia Económica de Galicia 2007-13

1.1.6.

Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010

	Total	Lugo - A Coruña norte	A Coruña occidental	Lugo- A Coruña sur - Pontevedra interior norte	Ourense - Pontevedra interior sur
Investimento					
Infraestruturas produtivas	830,8				
Medio ambiente	279,2				
Equipamentos sociais	327,6				
Medio rural e pesca	602,1				
Promoción económica	633,1				
	2.672,8	601,0	602,7	747,6	721,5
	(%) 100	22,5	22,5	28,0	27,0
Poboación	1.037.771	238.188	237.092	287.340	275.151
	(%) 100	23,0	22,8	27,7	26,5
Euros por habitante	2.576	2.523	2.542	2.602	2.622
	(%) 100	98,0	98,7	101,0	101,8
Superficie	26.127	5.867	3.227	8.837	8.196
	(%) 100	22,5	12,4	33,8	31,4

Fonte: Xunta de Galicia

1.1.7.

Marco estratéxico de converxencia económica de Galicia 2007-2013

Tendo en conta as Directrices Estratéxicas Comunitarias 2007-13, que marcan as pautas básicas de actuación na configuración dunha política de cohesión en apoio do crecemento e do emprego, elaborouse o Mecega, que establece como **obxectivo global**: Converxer en termos de crecemento e emprego, grazas ao fomento dunha economía baseada no coñecemento.

OBXECTIVOS FINAIS:

- Impulsar e dinamizar a economía rexional facendo de Galicia un lugar máis atractivo para investir e traballar.
- Incrementar a competitividade do tecido produtivo galego a través do coñecemento e a innovación.
- Aumentar a cohesión social e territorial de Galicia mellorando os niveis de cualificación, a calidade do emprego e a inclusión social.
- Reforzar a sinerxía entre crecemento e desenvolvemento sostible.

EIXES DE ACTUACIÓN:

- Economía do coñecemento (I+D+i, Sociedade da información, TIC).
- Competitividade e fomento empresarial.
- Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos.
- Transporte e enerxía.
- Desenvolvemento local, urbano e transfronteirizo.
- Empregabilidade e infraestruturas sociais.
- Mellora do capital humano.
- Desenvolvemento institucional e políticas públicas.

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010

Obxectivo xeral: Impulsar o desenvolvemento económico equilibrado e sostible de Galicia, reforzando a cohesión socio-territorial para corraxir os desequilibrios internos a partir dun proceso de dinamización económica, planificación e coordinación das actuacións das Administracións Públicas en infraestruturas, apoio aos sectores produtivos e equipamentos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Planificar, priorizar e coordinar o investimento público en infraestruturas, equipamentos e servizos básicos.
- Impulsar o desenvolvemento económico-empresarial endógeno estimulando a competitividade e a innovación.
- Desenvolver o potencial urbano e produtivo do territorio, harmonizando as esixencias socioeconómicas coas ecolóxicas e culturais.
- Reforzar a cohesión económica e social entre territorios, garantindo uns niveis de calidade de vida equivalentes para o conxunto da poboación.
- Poñer en valor os abundantes recursos naturais e patrimoniais como elemento fundamental do desenvolvemento turístico sostible.
- Impulsar o progreso acelerado da Galicia menos favorecida nos procesos de desenvolvemento da sociedade e da economía do coñecemento superando a brecha dixital actual.

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN:

- Zona 1. Lugo - A Coruña norte: Betanzos, Burela, Foz, Ordes, Pontes de García Rodríguez (As), Ribadeo, Viveiro, Vilalba.
- Zona 2. A Coruña occidental: Camariñas, Carballo, Cee, Laracha, Laxe, Noia.
- Zona 3. A Coruña sur - Pontevedra interior - Lugo: A Estrada, Lalín, Monforte de Lemos, Sarria.
- Zona 4. Ourense - Pontevedra interior sur: Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, A Rúa, Verín, Xinzo de Limia.

mo e mobilidade e comunicacións), co 31,1% do importe total, seguido polos de promoción económica (os seus programas de actuación son os de innovación e industria, economía e emprego, turismo comercio e servizos, e solo industrial) e medio rural e pesca, co 23,7% e 22,5%, respectivamente. Un 12,3% do presuposto do Plan destínase a equipamentos sociais e vivenda, cuxos ámbitos de actuación é o de educación e formación, saúde e infraestruturas sociais e vivenda), e o 10,4% restante, a medio ambiente (medio ambiente e sustentabilidade). ■

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.